

Conceptos	Máximo de puntos por curso, actividade, etc.	Total puntos	Documentos xustificativos
4. Titulacións académicas			
4.1. Polo título de doutor.	1		
4.2. Por cada titulación de grao superior distinta á alegada para o ingreso no corpo desde o que participa.	0,50		
4.3. Por cada titulación de grao superior en ciencias da educación (sección de ciencias da educación), pedagogía ou psicopedagogía, distinta á alegada para o ingreso no corpo desde o que participa.	0,75	2	Fotocopias cotexadas dos títulos ou certificacións de estudos.
4.4. Por cada titulación de grao medio ou diplomatura distinta á alegada para o acceso ó corpo desde o que participa.	0,25		
5. Antigüidade.			
Por cada ano de servicio como funcionario/a de carreira (non se computarán os esixidos como requisito).	0,20	3	Folla de alegación e autobarefacción.
6. Cursos de lingua galega.			
	Iniciación0,50 Perfeccionamento1	1	Fotocopias cotexadas.
7. Proxecto de traballo e entrevista.			
(Puntuación mínima alegada para este epígrafe: 4 puntos para o proxecto e 4 puntos para a entrevista).	Proxecto6 Entrevista6	12	Proxecto (máximo 20 folios)

Orde do 3 de marzo de 2004 pola que se convoca concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios para a atención e desenvolvemento do proxecto do Sistema de Información da Educación Galega (Siega).

O Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por funcionarios públicos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios, dispón, no seo artigo 5, que se cubrirán en réxime de comisión de servicios, por concurso de méritos específicos entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios, aquelas prazas que segundo as previsións contidas no artigo 59 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, teñan por obxecto fomenta-la investigación, favorece-las elaboracións de proxectos que inclúan innovacións curriculares, metodolóxicas, tecnolóxicas, didácticas e de organización de centros docentes.

Na súa virtude e sobre a base da autorización expresa que figura na disposición derradeira primeira dese decreto, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Convocar concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios.

Segundo.-As prazas que se ofertan neste concurso son as que figuran no anexo I desta orde.

Terceiro.-Poderán participar nesta convocatoria os funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios con destino actual na Comunidade Autónoma de Galicia, que estean en posesión do título de perfeccionamento en lingua galega.

Cuarto.-O prazo de presentación de instancias, que serán dirixidas ó conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, será dun mes a partir do día

seguinte ó da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Quinto.-As prazas, requisitos e funcións que ten que desenvolve-lo persoal seleccionado son as que se indican no anexo I, así como aquelas outras que se poidan establecer en función do desenvolvemento das actividades dos servicios a que resulten adscritos

Sexto.-Solicitudes e documentación.

1. Solicitudes:

a) Os interesados en participar nesta convocatoria deberán presenta-la súa solicitude mediante instancia axustada ó modelo que se publica no anexo III desta orde.

b) A instancia, así como a documentación correspondente, poderá presentarse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificios administrativos de San Caetano, 15771 Santiago de Compostela), nas delegacións provinciais da consellería ou en calquera das dependencias que sinala o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e dirixiranse ó conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

No caso de que se presentase a solicitude nunha oficina de correos, farase en sobre aberto, para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

2. Á instancia xuntarase a seguinte documentación:

a) Folla de alegación de méritos e autobarefacción, axustada ó modelo que se atopará a disposición dos interesados nas delegacións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Documentación á que se refire o anexo IV desta convocatoria, para acreditar tódolos servicios e méritos alegados así como unha relación numerada, datada e asinada, dos documentos presentados seguindo a orde que aparece no citado anexo. Aqueles méritos alegados e non xustificados documentalmente non serán tidos en conta.

c) Proxecto de traballo, referido ás funcións que ten que realizar, cunha extensión máxima de 20 folios.

Sétimo.-Comisión de selección.

1. Este concurso será resolto por unha comisión de selección formada polos seguintes membros:

-Presidente: o secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou persoa en quen delegue, en función dos distintos postos que se van cubrir.

-Vocais: o xefe da Área de Sistemas de Información e de Comunicación e tres xefes de servizo ou de área da Consellería de Educación.

-Secretario: un funcionario da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que actuará con voz e sen voto.

Cada un dos sindicatos da mesa sectorial docente poderá nomear un representante para a asistencia ás sesións da comisión con voz e sen voto. Coa debida antelación, o nome do representante seralle comunicado ó presidente da comisión de selección.

2. A comisión poderá dispoñer da constitución dunha subcomisión técnica especializada para colaborar na valoración daqueles méritos e/ou proxectos de traballo que coiden pertinentes. Cada un dos sindicatos da mesa sectorial docente poderá nomear un representante para a asistencia ás sesións da subcomisión con voz e sen voto.

3. Os membros da comisión e da subcomisión estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por concorreren ás sesións, conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), estando cualificadas na categoría primeira.

Oitavo.-Proceso de selección.

O proceso de selección constará de dúas fases. Unha primeira en que se valorarán os méritos alegados e o proxecto presentado e unha segunda en que se lles poderá realizar unha entrevista ós aspirantes que superen a primeira fase.

Noveno.-Primeira fase de selección.

a) A comisión fará públicas as puntuacións provisionais asignadas a cada un dos aspirantes, como resultado da aplicación do baremo que figura no anexo II. Estas listaxes publicaranse nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es/persoal/concursos>.

b) Os aspirantes poderán presenta-las alegacións que estimen convenientes contra a lista provisional, dirixidas ó presidente da comisión de selección, no prazo de 10 días naturais contados a partir do seguinte ó da súa publicación, por calquera dos procedementos recollidos no punto sexto 1 b) desta orde.

c) Unha vez estudias e resoltas as alegacións presentadas, a comisión publicará a lista definitiva das puntuacións nos epígrafes de méritos e proxecto de traballo, nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Décimo.-Segunda fase de selección.

a) Tódolos aspirantes que obteñan unha puntuación mínima de 4 puntos no proxecto poderán ser convocados pola comisión de selección á celebración dunha entrevista para mellor apreciar as circunstancias que concorren neles, e que versará sobre o proxecto presentado.

b) Os aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de 4 puntos no proxecto e de 4 puntos na entrevista, se é o caso, non poderán ser propostos pola comisión. Serán seleccionados aqueles aspirantes que obtendo as puntuacións mínimas sinaladas acaden as maiores puntuacións no total dos epígrafes contidos no baremo establecido no anexo II, para a praza que solicitan.

c) No caso de producirse empates no total de puntuacións outorgadas, estes resolveranse atendendo sucesivamente e por esta orde á maior puntuación nos números 6, 2.1, 1 e 5 do baremo.

Décimo primeiro.-Proposta de nomeamento.

1. A relación provisional dos concursantes seleccionados farase pública nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Establecerase un prazo de dez días naturais para que os interesados poidan efectuar as posibles reclamacións ou renuncias ás prazas adxudicadas provisionalmente.

2. Unha vez resoltas as reclamacións, admitidas as posibles renuncias e superado un proceso de formación por parte dos seleccionados, a comisión remitiralle ó conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria a proposta de resolución desta convocatoria, xunto coa acta definitiva coa expresión das valoracións outorgadas a cada un dos candidatos, así como a relación final das persoas seleccionadas con mención do posto que se adxudicará a cada unha delas.

Décimo segundo.-Resolución da convocatoria.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará no DOG a resolución definitiva do concurso.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

2. Os funcionarios e funcionarias docentes que resulten seleccionados por esta convocatoria quedarán adscritos ós postos adxudicados a partir do 1 de setembro de 2004, cesando nos seus postos con data 31 de agosto do mesmo ano, e permanecerán neles en réxime de comisión de servizos, con reserva de posto de traballo de orixe, por un período dun ano, renovable ano a ano ata un máximo de seis, establecéndose un proceso de avaliación do exercicio da súa actividade que, no caso de ser positiva, determinará a súa continuidade.

3. De non publicarse a resolución definitiva no prazo de seis meses desde esta convocatoria, as solicitudes presentadas entenderanse desestimadas.

Décimo terceiro.-Devolución da documentación presentada.

Os interesados ou os seus representantes legais poderán retirar a documentación presentada para acreditar os méritos alegados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo de trinta días pasado un mes desde a publicación no DOG da resolución definitiva do concurso.

Décimo cuarto.-Retribucións.

Para efectos de retribucións, en concepto de complemento específico, os funcionarios docentes que resulten seleccionados poderán percibirlo complemento específico correspondente a membros de equipos da reforma, segundo o establecido no anexo VI.dous da Orde do 12 de xaneiro de 2004 (DOG do 22 de xaneiro) pola que se dictan instrucións para a confección de nóminas do persoal ó servizo da Administración autonómica para o ano 2004.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Persoal para dictar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2004.

Celso Currás Fernández
Conseleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Denominación da praza	Nº de prazas	Requirimentos	Destino	Funcións
Apoio ós servizos educativos que se desenvolverán baixo o proxecto Siega	2	Amplio coñecemento de ferramentas informáticas de desenvolvemento e explotación e de sistemas informáticos e de comunicacións.	Secretaría Xeral	Asesoramento nos servizos educativos e multimedia que se ofertarán cara á comunidade educativa baixo o proxecto Siega
Apoio ós centros docentes na implantación das novas tecnoloxías e servizos educativos segundo o proxecto Siega.	1	Coñecementos das tecnoloxías informáticas e de comunicacións no nivel de usuario avanzado incluíndo entre outras a capacidade de instalar e configurar equipos informáticos en rede e os seus dispositivos e periféricos. Coñecemento de ferramentas ofimáticas incluíndo a súa instalación. Coñecemento das ferramentas e tecnoloxías empregadas na Internet e as súas posibilidades de utilización no contorno educativo.	Secretaría Xeral (situado fisicamente na sección do CFR da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Ourense: Verín	Soporte <i>in situ</i> e asesoramento na instalación, utilización dos servizos educativos que se lles ofertarán ós centros educativos baixo o proxecto Siega. Soporte técnico <i>in situ</i> á infraestrutura informática e de comunicacións solventando as incidencias dos centros docentes da súa zona en coordinación coa unidade de atención a centros (UAC). Apoio e atención ós centros docentes da súa zona con relación a calquera aplicación de informática corporativa (bibliotecas, xestión económica, inventarios...) que se implantarán neses centros dentro do proxecto Siega. Asesoramento sobre as necesidades de formación do persoal dos centros docentes en relación cos servizos educativos ofertados dentro do marco do Siega.

ANEXO II

Conceptos	Puntuación	Total puntos máximo	Documentos xustificativos
1. Antigüidade: Por cada ano de servizos efectivos prestados na situación de servizo activo como funcionario de carreira dun corpo docente	0,50 puntos	5 puntos	
2. Méritos académicos: 2.1. Polo título de doutor	1 punto	2 puntos	Copia compulsada das titulacións alegadas
2.2. Titulacións de segundo ciclo: por cada licenciatura, enxeñería, arquitectura ou títulos declarados legalmente equivalentes	0,5 puntos		
2.3. Titulacións de primeiro ciclo: pola segunda diplomatura ou os 3 primeiros cursos dunha licenciatura	0,25 puntos		
3. Formación e perfeccionamento: 3.1. Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos, organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologadas polas administracións precitadas, así como os organizados polas universidades (0,10 puntos por cada 10 horas de cursos superados acreditados)	Ata 2 puntos	6 puntos	Copia compulsada da documentación alegada
3.2. Por outras actividades de formación e perfeccionamento en materia educativa, incluída a impartición de cursos	Ata 1 punto		
3.3. Por actividades de formación específica directamente relacionadas co posto de asesor ó que se pretende acceder	Ata 3 puntos		
4. Publicacións, proxectos, innovacións técnicas: 4.1. Por publicacións de carácter didáctico ou científico, proxectos e innovacións técnicas, de carácter xeral	Ata 1 punto	3 puntos	Documentación orixinal
4.2. Por publicacións de carácter didáctico ou científico, proxectos e innovacións técnicas, relacionadas coa praza que se solicita	Ata 2 puntos		
(Deberán conte-lo ISBN, agás as excepcións establecidas na lexislación vixente)			
5. Por cada ano de servizo en postos da Administración educativa relacionados coas funcións do posto de asesor que solicita	0,20 puntos	2 puntos	Certificación de servizos ou nomeamento.
6. Proxecto de traballo: O proxecto de traballo, ademais dos aspectos xerais do sistema educativo e dos sinalados no punto quinto desta orde, deberán conte-los obxectivos, planificación xeral, actividades, xustificación e definición á que corresponde a praza que se solicita	Ata 6 puntos	Ata 6 puntos	Orixinal, cunha extensión máxima de 20 folios
(Puntuación mínima esixida por este epígrafe: 4 puntos)			
7. Entrevista sobre o proxecto presentado. (Puntuación mínima esixida por este epígrafe: 4 puntos)	Ata 6 puntos	Ata 6 puntos	

ANEXO IV

PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO

NOME DNI NRP

LUGAR E PROVINCIA DE NACEMENTO DATA DE NACEMENTO

SERVICIOS COMO FUNCIONARIO DE CARRERA DESDE O SEU INGRESO NO CORPO

DESTINO	POSESIÓN			CESAMENTOS			SERVICIOS		
	D	M	A	D	M	A	D	M	A

SERVICIOS COMO FUNCIONARIO DE CARRERA NOUTROS CORPOS OU ESCALAS DOCENTES

DESTINO	POSESIÓN			CESAMENTOS			SERVICIOS		
	D	M	A	D	M	A	D	M	A

ANEXO III

DATOS DE IDENTIFICACIÓN
CORPO Ó QUE PERTENCE DISCIPLINA

PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO

NOME DNI NRP

ENDREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

RÚA E Nº TELÉFONO

LOCALIDADE CÓDIGO POSTAL

DATOS DESTINOS

CENTRO DE DESTINO DEFINITIVO 2003/2004 LOCALIDADE

CENTRO DE DESTINO PROVISIONAL 2003/2004 LOCALIDADE

PRAZAS QUE SOLICITA POR ORDE DE PREFERENCIA:

ORDE PREF.	Nº POSTO	ORDE PREF.	Nº POSTO	ORDE PREF.	Nº POSTO	ORDE PREF.	Nº POSTO
1	6	11	16	21	26	31	36
2	7	12	17	22	27	32	37
3	8	13	18	23	28	33	38
4	9	14	19	24	29	34	39
5	10	15	20	25	30	35	40

NOTA: no caso de solicitar prazas de CFR, indica-la localidade da sección.

En _____, o _____ de _____ de 2004.
SINATURA DO INTERESADO/A

Concepto	Puntuacións parciais	Total
1. Antigüidade (máximo 3 puntos) Por cada ano de funcionario de carreira no corpo docente.....	0,50	
2. Méritos académicos (máximo 2 puntos)		
2.1. Polo título de doutor.....	1	
2.2. Titulacións segundo ciclo.....	0,5	
2.3. Titulacións primeiro ciclo.....	0,25	
3. Formación e perfeccionamento (máximo 6 puntos)		
3.1. Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos, organizados polas administracións educativas (0,10 puntos por c/10 horas).....	Ata 2 puntos	
3.2. Por outras actividades de formación.....	Ata 1 punto	
3.3. Por actividades de formación específica directamente relacionadas co posto que se solicita.....	Ata 3 puntos	
4. Publicacións, proxectos, innovacións técnicas (máximo 3 puntos)		
4.1. Por publicacións de carácter didáctico, de carácter xeral.....	Ata 1 punto	
4.2. Por publicacións de carácter didáctico relacionadas co posto que solicita.....	Ata 2 puntos	
5. Servicios relacionados co posto (máximo 2 puntos) Por cada ano de servizo en postos da Administración educativa relacionadas coas funcións do posto que solicita.....	0,20	

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO CATRO DE FERROL

Edicto (448/2002).

José Miguel Regueiro Pérez, secretario do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número catro de Ferrol, dou fe e certifico que nos autos de que se fará mérito se dictou sentenza que ten como encabezamento e parte dispositiva o seguinte:

Sentencia. En Ferrol, 7 de xuño de 2003.

Isabel Saborit Basanta, maxistrada-xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número catro de Ferrol e o seu partido, tendo visto estes autos de xuízo verbal número 448/2002, seguidos ante este xulgado, sobre responsabilidade extracontractual; no que son partes: dunha como demandante Bernardino Crespo López, representado pola procuradora dos tribunais sra. García García e asistido da letrada sra. Bouza López e doutra, como demandados Juan Carlos García García, á entidade *Tip Trailers España, S.A.* rebeldes neste procedemento, e *AXA, S.A.* representada pola procuradora sra. Villalba, e asistida do letrado sr. López Álvarez.

Decido que estimando esencialmente a demanda interposta pola procuradora dos tribunais sra. García García, en nome e representación de Bernardino Crespo López, contra Juan Carlos García García, a entidade *Tip Trailers España, S.A. e AXA, S.A.*, debo condenar e condeno os ditos demandados a que lle satisfagan solidariamente ó demandante a cantidade de 431,25 euros e ó pagamento das custas procesuais.

Así mesmo, condeno a codemandada *AXA, S.A.* a que aboe os xuros previstos no artigo 20.4º da Lei de contrato de seguro computados desde a data do sinistro (1-3-2002).

Así, por esta miña sentenza, que será notificada ás partes en legal forma, da que se unirá testemuño ós autos da súa razón, e contra a que cabe recurso de apelación perante a Audiencia Provincial da

Coruña, que poderá prepararse, se é o caso, ante este xulgado no prazo de cinco días hábiles contados desde o seguinte á súa notificación de acordo co artigo 457.1º da Lei de axuízamento civil, o pronuncio, mando e asino. Isabel Saborit Basanta. Asinado e rubricado.

E para que sirva de notificación ó demandado rebelde Juan Carlos García García, expido e asino este edicto en Ferrol, o 17 de outubro de 2003.

Miguel Regueiro Pérez
Secretario xudicial

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO UN DE MARÍN

Edicto (76/2003).

En Marín, o 26 de xaneiro de 2004, que nos autos de execución de título xudicial seguidos ante este xulgado baixo o número 76/2003 por instancia de María Victoria Soto Quiroga, representada pola procuradora sra. Hermida contra Miguel Ángel Fernández Lubiáns dictouse resolución que ten como encabezamento e parte dispositiva o seguinte:

Auto:

Xuíza/maxistrada-xuíza:

Ana Belén López Otero.

En Marín o 28 de marzo de 2003.

Antecedentes de feito.

Único.-A procuradora sra. Pilar Hermida Paredes en nome e representación de María Victoria Soto Quiroga presentou escrito polo que solicita despacho de execución fronte a Miguel Ángel Fernández Lubiáns con fundamento na seguinte resolución xudicial:

Clase e data da resolución: sentenza 17-1-2003.

Xuízo no que foi dictada verbal de desafuzamento. 333/2002.